

REGULAMENTO INTERNO DE
ELECCIÓN DE DELEGADOS/AS
DE AULAS

*FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO
SOCIAL*

Aprobado en sesión ordinaria da Comisión Permanente da Facultade o 15/12/2021

REGULAMENTO interno DE ELECCIÓN DE DELEGADOS/AS DE AULAS

A Facultade de Educación e Traballo Social, co ánimo de fomentar a participación do alumnado no funcionamento das actividades académicas e de extensión universitaria, convocará eleccións de delegados e delegadas, ao amparo do regulamento de estudantes, aprobado polo Claustro da Universidade de Vigo en abril de 2021.

FUNCIÓNS

1. Informar ao grupo sobre dereitos, deberes e outras normativas da universidade que lle afectan.
2. Informar dos distintos servizos nos que obter información sobre exames, horarios, bolsas, actividades culturais, procedemento de queixas, necesidades especiais.
3. Transmitir á coordinación do título e ao profesorado implicado, aquelas decisións ou peticións que realice o grupo (folgas, cambios de actividades, etc.)
4. Comunicarse co grupo cando se produza algunha incidencia na marcha do curso, para intercambiar información co equipo de goberno do centro e os estudantes.
5. Coordinarse cos representantes de estudantes nos distintos órganos de goberno da universidade para colaborar no funcionamento da delegación de estudantes.

CANDIDATOS/AS

1. Poderán ser candidatas aquelas persoas matriculadas na maior parte de materias que se imparten no seu grupo.
2. Quen voluntariamente presente a súa candidatura nos prazos que se establezan por parte da Facultade.
3. Pode haber dous delegados/as por curso.
4. A elección de delegado/a será por dous anos que, de causar baixa nalgún curso, se procederá a unha nova elección nese curso.

PRAZOS

1. Desde que se convoquen as eleccións ata o momento de comezar a votación.
2. En caso de non haber candidaturas, queda automaticamente convocado un novo proceso que repetirá a votación no mesmo día e á mesma hora da semana seguinte.
3. De continuar sen aparecer candidaturas, abrírase o proceso novamente, no momento en que alguén comunique á coordinación do curso a súa vontade de presentarse.

MESA ELECTORAL

A mesa electoral estará composta por tres persoas: o/a coordinador/a de curso, que será presidente/a; o/a docente que imparte docencia na materia na que se procede á elección, que será vogal; e un/unha estudante voluntario/a, que non se presente á elección, que exercerá como secretario/a.

PROCEDEMENTO

1. Cada estudante escribirá o nome do candidato ou candidata na papeleta que se lle facilite e entregará na mesa electoral.
2. En caso de candidatura única, proclamarase electa a persoa que se presentou sen necesidade de proceder á votación.
3. O secretario/a levantará acta, no modelo facilitado pola secretaría do centro. Nela figurará o número de votos emitidos, os asignados a cada candidatura, os votos nulos e votos en branco, e será entregado pola presidenta na Secretaría do Decanato.